

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **EDUCACIÓN MUSICAL**

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

**ANO ACADÉMICO: 2021/2022**

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE CARDEAL QUIROGA PALACIOS**

## ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO CURRICULAR**
- 3. DESCRIPCIÓN DO ENTORNO ESCOLAR**
- 4. PROGRAMACIÓN 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º**
  - **XUSTIFICACIÓN**
  - **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEAE**
  - **METODOLOXÍA**
  - **MATERIAIS E RECURSOS EDUCATIVOS**
  - **OBXECTIVOS POR NIVEL**
  - **CONTIDOS POR NIVEL**
  - **CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR NIVEL**
  - **PERFIL COMPETENCIAL POR NIVEL**
  - **PERFIL DE ÁREA POR NIVEL**
  - **TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS DISTINTOS ESTÁNDARES POR NIVEL**
  - **DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
  - **AVALIACIÓN**
    - SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN.
    - CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
    - AVALIACIÓN GLOBAL

## **1.1. INTRODUCCIÓN**

Tendo en conta o atípico desenvolvemento do curso pasado e intentando subsanar na medida do posible as carencias educativas que se puideran derivar da situación vivida, elabórase esta programación da materia de música en primaria para o curso 2021-22, seguindo as instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

É importante subliñar que os contidos da área de Música, aínda que están divididos en tres bloques, non son estancos nin lineais, senón que son recurrentes e cíclicos, estando presentes os tres bloques nos tres trimestres á vez e interrelacionándose entre si. Tráballanse os contidos anos tras anos, ampliándoos segundo o que marque o currículo e segundo o nivel do alumnado, de cara a conseguir os obxectivos de etapa.

As adaptacións establécense principalmente na metodoloxía didáctica, xa que hai determinadas actividades que, aínda que seguen a ter un carácter eminentemente práctico pola propia natureza da materia, faranse de xeito individual ou veranse reducidas debido ao uso do material. Tamén algúns obxectivos se verán reducidos ou suprimidos, debido á imposibilidade de estar en contacto, como os referentes á interpretación das danzas (non así o seu visionado, explicación...).

A fruta doce este ano non será avaliable (polo menos, mentres sigamos nesta situación). Isto non implica que se se ten a posibilidade de traballala, se faga. Ben explicando na clase aspectos teóricos, propoñendo pequenas pezas e cancións para fruta para que practiquen na casa a través de vídeos ou incluso, no colexio, e as situacións o permitan (cando veña o bo tempo, no patio cuberto, coa distancia adecuada).

O apartado de canto tamén se verá reducido, polo risco que conleva. Pero pódese traballar tamén de xeito diferente (por grupos de nenos, con volume baixo...).

Por outra banda, farase fincapé nos recursos dixitais, de maneira que a maioría das actividades educativas implementadas na aula poderán levarse a cabo na casa se chegado o caso tiveramos que recorrer a unha educación non presencial, ou se algún neno/a non puidera asistir á aula.

En definitiva, este ano estará máis centrado en contidos que requiran de actividades ou recursos co menor contacto posible, como audicións, ritmos, linguaxe musical... tanto no colexio como no suposto caso dun cambio de escenario non presencial, relegando a unha menor presenza a outro tipo de contidos que impliquen actividades de movemento (como as coreografías) ou o uso dalgúns instrumentos.

## **1.2. MARCO CURRICULAR.**

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

A educación primaria é a primeira etapa do ensino obrigatoria. Como tal, caracterízase por unha especial atención á diversidade, pola prevención das dificultades da aprendizaxe e a posta en práctica de apoios e/ou reforzos tan pronto como sexan detectadas. Ten enorme importancia a presenza no currículo das competencias básicas, que o alumnado deberá desenvolver. Estas competencias básicas permiten identificar aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde un enfoque integrador e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. O seu logro deberá capacitar ás alumnas e aos alumnos para a súa realización persoal, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

### **1.3. DESCRICIÓN DO ENTORNO ESCOLAR**

O CEIP plurilingüe Quiroga Palacios sitúase na zona sur da comarca de Santiago. Están escolarizados máis de 500 alumnos procedentes principalmente da zona e arredores. O nivel sociocultural é medio. A lingua máis empregada entre o alumnado é o castelán.

## **1.4. PROGRAMACIÓN**

### **XUSTIFICACIÓN**

Segundo a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), a finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEAE**

Non todos os nenos e nenas do grupo da clase aprenden da mesma forma nin ao mesmo ritmo; algúns presentan dificultades audiovisuais, motores, trastornos específicos, polo que precisan dunha atención maior e máis personalizada, para o cal se conta co traballo de profesionais adicados especificamente a esta finalidade.

## METODOLOXÍA

### Obxectivos que persigue esta metodoloxía

É importante para conseguir o éxito educativo, e consecuentemente acadar as competencias básicas que pretende o currículo da educación primaria, o decidir como imos ensinar. Preténdese que o alumnado reciba a axuda que necesita para aprender de modo significativo e para desenvolver as capacidades definidas nos obxectivos.

Polo tanto, tendo en conta as directrices que se propoñen no Decreto do currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a práctica educativa debe:

- Conseguir **aprendizaxes significativas** partindo dos coñecementos e ideas previas dos nenos/as.
- Centrarse na **funcionalidade**, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación en contextos e situacións diferentes.
- Procurar que o alumno/a **aprenda a aprender**. Debemos proporcionarlles os recursos e medios para que adquiran os coñecementos por eles mesmos.
- Potenciar a **autonomía** dos nenos/as.
- Dotar aos contidos dun enfoque **integrador**, promovendo a globalización, respectando a forma na que os nenos/as perciben a realidade.
- Non esquecer a **atención á diversidade** do alumnado, tanto na práctica docente como na selección dos contidos.
- Establecer **relacións afectivas**. O papel do mestre será dinamizador, de escoita, apoio e reforzo positivo. Son importantes as interaccións co medio, con outros adultos e cos seus iguais.
- Buscar unha axeitada colaboración coas **familias** para conseguir eficacia educativa.

-Coidar os **espazos**, que deben ser funcionais e adecuarse ás necesidades de exploración dos nenos/as e/ou a outros usos.

-Adequar a **organización do tempo** aos ritmos dos nenos/as.

-Ofertar variedade de **materiais** para que poidan desenvolver a súa autonomía e interioricen actitudes de coidado, orde e responsabilidade.

-Avaliar facendo unha reflexión acerca das capacidades que se pretende que adquiran os alumnos/as en pos da consecución das competencias básicas, facendo unha observación continua e mantendo informadas ás familias ao longo do proceso educativo.

A intervención educativa debe ter un carácter preventivo e compensador, evitando que aparezan dificultades de aprendizaxe ou intervindo canto antes no caso de que se produzan.

As propostas a desenvolver serán variadas, diversas e motivadoras para o alumnado, respectarán os seus ritmos individuais e atenderán á diversidade, dando oportunidades a todos/as por igual, sexan cales sexan as súas características, madurez, etc.

## **A organización do grupo**

A aula está deseñada en forma de "U" aínda que é cambiante e poderá moverse en función da actividade que se estea a desenvolver.

Plantexarase a organización do traballo realizando distintos tipos de agrupamentos:

**Gran grupo:** que permite que os nenos/as escoiten e sexan escoitados.

**Pequeno grupo:** nestas actividades os nenos/as aprenden dos demais, imitan, colaboran, axúdanse... e desenvolven as súas capacidades xunto aos outros.

**Individuais:** para que os nenos/as sexan quen de concentrarse, de buscar recursos para a realización das súas tarefas e fomenten deste modo a súa iniciativa e autonomía.

## **MATERIAIS E RECURSOS EDUCATIVOS**

Os recursos educativos serán o conxunto de axudas, para que o profesor, organice con maior eficacia a súa actividade na aula e se facilite a mellora do rendemento nos alumnos.

Recursos Materiais:

Entre o material didáctico empregado podemos destacar:

Guías didácticas

Instrumentos musicais

Ordenador

Pizarra dixital

Encerados

Diarios de clase, cadernos, axendas, presentación, material funxible...



## OBXETIVOS DE ETAPA E POR NIVEL.

### CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

	OBXECTIVOS DA ETAPA	EP	EM
a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.	X	MUS
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	X	MUS
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.		
d	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.	X	MUS
e	Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.	X	MUS
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.		
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.		
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.	X	MUS
i	Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.	X	MUS
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.	X	MUS
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	X	MUS
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.		
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.	X	MUS
n	Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.		
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.	X	MUS

## OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e *ostinato* rítmico.
10. Utilizar as posibilidades sonoras do propio corpo e interpretar sons con percusión corporal.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar e interiorizar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.

15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas.
18. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.
19. Explorar as calidades sonoras de instrumentos non convencionais de calidade acústica.

## **OBXECTIVOS DO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Discriminar os parámetros do son en audicións de sons do ámbito.
2. Identificar e describir o son das distintas voces e instrumentos.
3. Vocalizar, respirar e articular correctamente nas interpretacións vocais.
4. Utilizar a voz como medio de expresión.
5. Explorar as calidades sonoras de instrumentos de pequena percusión e de instrumentos de láminas.
6. Discriminar a duración, figuras musicais, notas, acentos e silencios na interpretación de partituras.
7. Gozar coa música e todo o que a rodea nas interpretacións musicais.
8. Utilizar o corpo como instrumento adecuando os seus movementos ao ritmo, ao espazo e á coordinación.
9. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
10. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
11. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, dobre corchea, branca, silencio de negra e silencio de branca) e non convencionais.

12. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
13. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
14. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
15. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
16. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas.
17. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe

### **OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da nosa comunidade.
2. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións e na descodificación do son que reproduce.
3. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Recoñecer, discriminar e representar graficamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
6. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións.
7. Clasificar instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
8. Identificar os distintos tipos de voces na audición de obras vocais: masculina, feminina e voces brancas.
9. Ler e interpretar partituras sinxelas con grafías convencionais e non

convencionais.

10. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario, ternario e cuaternario.
11. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
12. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
13. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.
14. Identificar os diferentes profesionais que interveñen na creación e interpretación musical.
15. Recoñecer e descodificar elementos da grafía convencional: figuras (negra, corchea, silencio), notas (mi, sol, la), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).

### **OBXECTIVOS DO CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da nosa comunidade.
2. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións e na descodificación do son que reproduce.
3. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Diferenciar distintos tipos de agrupacións musicais.
6. Discriminar o timbre de distintos tipos de instrumentos.
7. Identificar a estrutura interna das cancións.
8. Usar o canto como medio de gozo respectando aos demais.
9. Clasificar os instrumentos musicais en función das súas características.
10. Recoñecer e descodificar elementos da grafía convencional: figuras (negra, corchea, semicorchea, branca, redonda), silencios, notas, pentagrama, clave de sol, escala e compases.

11. Expresar música a través do corpo.
12. Utilizar a danza como medio de expresión.

### **OBXECTIVOS DO QUINTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Clasificar os distintos tipos de voz: soprano, contralto, tenor e baixo.
2. Identificar e clasificar os instrumentos da orquestra sinfónica.
3. Recoñecer os distintos tipos de instrumentos e agrupacións vocais e instrumentais.
4. Explorar diferentes tipos de estilos musicais, as súas características e evolución.
5. Coñecer a música doutros tempos e culturas e a súa implicación e relevancia noutros contextos.
6. Representar a música na súa forma musical (binaria, ternaria e rondó) a través de métodos non convencionais: o musicograma.
7. Clasificar os instrumentos musicais a partir da forma de producir o seu son: idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos.
8. Desenvolver a técnica vocal na interpretación de cancións.

### **OBXECTIVOS DO SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Recoñecer as posibilidades dos instrumentos acústicos e electrónicos na audición.
2. Ser crítico na escoita activa.
3. Coñecer a grafía musical e verbalizar sobre o seu uso.
4. Valorar o patrimonio musical doutras culturas.
5. Crear instrumentos musicais de construción propia a partir do coñecemento dos instrumentos reais.
6. Respetar e colaborar cos demais nas actividades de canto.
7. Descifrar a linguaxe musical dunha partitura na interpretación musical
8. Desenvolver a danza a partir de músicas actuais.
9. Recoñecer diferentes xéneros e estilos de danza

## CONTIDOS POR NIVEL

### CONTIDOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 1º CURSO

#### *Bloque 1 – escoita.*

- B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
- B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.
- B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.
- B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.
- B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).
- B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica.
- B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.
- B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.

#### *Bloque 2 – Interpretación musical*

- B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.
- B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.
- B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.
- B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.
- B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- B2.9. Selección e combinación de *ostinatos* rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.
- B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

- B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
- B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas e/ou coreografías sinxelas (se a situación o permite).
- B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.



## CONTIDOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 2º CURSO

### *Bloque 1 – escoita*

- B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
- B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.
- B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.
- B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.
- B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.
- B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).
- B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- B1.12. Elementos da música: tempo (*adagio*, *andante* e *allegro*) e dinámica
- B1.13. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.
- B1.14. Forma musical: repetición e contraste.
- B1.15. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.
- B1.16. Pulso e acento. Compás binario.

B1.17. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.

B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.

B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.

B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.

B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.

B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.

B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.

B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.

B2.9. Selección e combinación de *ostinatos* rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.

B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas e/ou coreografías.

B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

## CONTIDOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 3º CURSO

### *Bloque 1 – escoita*

- B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- B1.2. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
- B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música.
- B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- B1.7. Acento e pulso.
- B1.8. Elementos musicais. *Tempo* e matices: *forte*, *piano* e *mezzoforte*.
- B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).
- B1.10. Compases binarios e ternarios.
- B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical.  
Formas musicais binarias e ternarias.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

- B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.
- B2.5. Dobre barra e DC.
- B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.

B2.7. Ditados melódicos sinxelos.

B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.

B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.

B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B2.12. Construción dun instrumento.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.2. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

## **CONTIDOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 4º CURSO**

### *Bloque 1 – escoita*

B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.

B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.

B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música.

B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.

B1.7. Acento e pulso.

B1.8. Elementos musicais. *Tempo* e matices: *fortissimo*, *forte*, *piano* e *mezzoforte*;

dinámica e reguladores.

B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).

B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4

B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, fretada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).

B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.

B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.

B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical.  
Formas musicais binarias, ternarias e rondó.

B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas relacionadas coa música.

## *Bloque 2 – Interpretación musical*

B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Fruta doce: dixitación da escala de DO sen alteracións.

B2.2. Instrumentos de placas Orff: as súas partes.

B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.

B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios e ternarios.

B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.

B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

B2.10. Sonorización de imaxes ou vídeos usando distintos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B2.11. Invención e construción dun instrumento.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

B3.4. Visionado de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

## **CONTIDOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 5º CURSO**

### *Bloque 1 – escoita*

B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.

B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.

B1.4. Acento e pulso.

B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).

B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.

B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.

B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).

B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).

B1.11. Instrumentos doutras culturas.

B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formasmusicais binarias, ternarias e rondó.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frautadoce: dixitación da escala de dó sen alteracións.

B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías (se a situación o permite).

B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.

B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.

B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B2.10. Invención e construción dun instrumento.

B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou

inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas (se a situación e espazos o permiten).

## **CONTIDOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 6º CURSO**

### *Bloque 1 – escoita*

B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.

B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.

B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.

B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidades.

B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas,

B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa e doutras culturas.

B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música.

B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.

B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce (se a situación e espazos o permiten).

B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos e agrupacións instrumentais e vocais.

B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación



de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.

B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.

B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.

B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.

B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar.

B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Indagación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas e situacións cotiás.

B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.

B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva (se a situación e o espazo o permiten).

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR NIVEL

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 1º CURSO

#### *Bloque 1 – escoita*

- B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.
- B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.
- B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.
- B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.
- B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).

#### *Bloque 2 – Interpretación musical*

- B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.
- B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.
- B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.

#### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

- B3.1. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas e/ou coreografías.
- B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 2º CURSO

### *Bloque 1 – escoita*

- B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.
- B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.
- B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.
- B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.
- B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).
- B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

- B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.
- B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

- B3.1. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas e/ou coreografías.
- B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 3º CURSO**

### *Bloque 1 – escoita*

B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.

B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.

B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.

B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.

B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrece a expresión corporal.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 4º CURSO**

### *Bloque 1 – escoita*

B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.

B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.

B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.

B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.

B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como aplicacións informáticas.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.

B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio.

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrece a expresión corporal.

B3.2. Coñecer un repertorio básico de danzas da cultura galega e doutras culturas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 5º CURSO**

### *Bloque 1 – escoita*

- B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relaciónsexistentes, e facer unha valoración posterior.
- B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
- B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.
- B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.
- B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
- B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

- B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.
- B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

- B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo.
- B3.2. Coñecer e interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas (se a situación e o espazo o permiten).

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE MÚSICA PARA O 6º CURSO

### *Bloque 1 - escoita*

- B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.
- B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, valorando o patrimonio musical e a importancia do seumantemento e a súa difusión, e o respecto co que se deben afrontar as audicións.

### *Bloque 2 – Interpretación musical*

- B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.
- B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.
- B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

### *Bloque 3 – Música, movemento e danza*

- B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.

## **PERFIL COMPETENCIAL POR NIVEL**



PERFIL COMPETENCIAL		1º curso
CompetenciaClave:	APRENDER A APRENDER	
Nivel	Estándares	
1º	1º-EMB1.1.1 - Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	
1º	1º-EMB1.1.2 – Representa gráfica ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	
1º	1º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	
1º	1º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.	
1º	1º-EMB2.1.2 - Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	
1º	1º-EMB2.2.2 - Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	
1º	1º-EMB2.2.3 - Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	
1º	1º-EMB2.3.2 - Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	
1º	1º-EMB2.3.3 - Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	
1º	1º-EMB2.3.4 - Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	
1º	1º-EMB2.3.5 - Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	
CompetenciaClave:	COMPETENCIA DIXITAL	
Nivel	Estándares	
1º	1º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	
1º	1º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	

PERFIL COMPETENCIAL	
Competencia Clave:	COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
Nivel	Estándares
1º	1º-EMB1.4.1 - Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
1º	1º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
1º	1º-EMB2.2.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
Competencia Clave:	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI
Nivel	Estándares
1º	1º-EMB1.1.2 – Representa gráfica ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
1º	1º -EMB1.1.3- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
1º	1º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
1º	1º-EMB1.1.5 - Identifica voces masculinas e femininas.
1º	1º-EMB1.2.1 - Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións
1º	1º-EMB1.2.2 - Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
1º	1º-EMB1.3.1 - Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
1º	1º-EMB1.3.2 - Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
1º	1º-EMB1.4.1 - Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
1º	1º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

1º	1º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
1º	1º-EMB1.5.2 - Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.

1º	1º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
1º	1º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.
1º	1º-EMB2.2.1 - Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
1º	1º-EMB2.2.2 - Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
1º	1º-EMB2.2.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
1º	1º-EMB2.3.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
1º	1º-EMB2.3.2 - Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
1º	1º-EMB2.3.3 - Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
1º	1º-EMB2.3.4 - Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
1º	1º-EMB2.3.5 - Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.
1º	1º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
1º	1º-EMB3.1.2 - Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
1º	1º-EMB3.2.1 - Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
1º	1º-EMB3.2.2 - Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
1º	1º-EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

PERFIL COMPETENCIAL	
Competencia Clave:	MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXÍA
Nivel	Estándares
1º	1º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.
1º	1º-EMB2.2.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
1º	1º-EMB2.3.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
1º	1º-EMB2.3.2 - Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
1º	1º-EMB2.3.3 - Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
Competencia Clave:	SOCIAIS E CÍVICAS
Nivel	Estándares
1º	1º-EMB1.2.1 - Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións
1º	1º-EMB1.2.2 - Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
1º	1º-EMB2.1.2 - Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
